



## AVISO IMPORTANTE Á COMUNIDADE EDUCATIVA

# PLANIFICACIÓN DE MEDIDAS ESPECIAIS REINICIO TRABAJO PRESENCIAL EQUIPO DIRECTIVO NO CEIP O COTO

O presente Protocolo entrará en vigor o 11 de maio de 2020, a pesar do anterior, este documento será obxecto de revisión continua, especialmente en atención ás obrigas e ás recomendacións que diten as autoridades sanitarias.

## PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ACCESO Ó CENTRO ESCOLAR MEDIDAS ESPECIAIS DE CONTROL DE ACCESO

### 1. ENTRADA Ó CENTRO ESCOLAR

A entrada realizarase desde a **rúa Rosalía de Castro a través da porta de acceso á pé** situada ó lado da entrada de vehículo (entre o edificio do centro educativo e as vivendas escolares), cómpre premer o pulsador automático situado na parte superior esquerda da porta, abriase automaticamente. Prégase que se volva a pechar a porta unha vez realizado o tránsito de entrada ou saída.

No **percorrido pola parte interior do recinto a través do aparcamento e na rampla de acceso seguirase o mesmo sentido de circulación que os vehículos na calzada**, polo que se deberá deambular polo lado dereito, de un en un e mantendo a distancia de 2 metros.

Recoméndase o uso de máscara.

### 2. ENTRADA Ó EDIFICIO

- a. **Na rampla exterior da porta de acceso ó edificio deberase manter en todo momento a distancia de seguridade de 2 m e agardarse ata que a persoa que estea sendo atendida no interior abandoe o mesmo.**

**O acceso e saída realizarase de xeito escalonado** para evitar incumprir a distancia de seguridade (só se atenderá dun en un).



- b. **Unha vez dentro, realizarase unha adecuada hixiene das máns mediante unha solución hidroalcohólica** podendo facer uso de papel para o secado, ambos estarán a disposición do público no vestíbulo do centro xunto cunha papeleira para depositar botar o refugallo.  
Mentras se estea a realizar a hixiene preventiva manterase a distancia de seguridade co conserxe.

### 3. ENTRADA Á SECRETARÍA

- a. Nas mesas e mostradores de atención ao público, establecerase **unha distancia mínima de 2 metros entre o usuario e o** persoal, salvo que se habiliten elementos de protección colectiva no posto no que se realiza a atención ao público.
- b. **Débese extremar as medidas de hixiene respiratoria**, como ao tusir cubrir a boca cun pano desbotable ou contra o brazo co cóbado flexionado.  
Igualmente, evitarase tocar os ollos, o nariz ou a boca.
- c. **O público visitante non poderán empregar os equipos informáticos, material de oficina ou outros obxectos dos empregados públicos.**
- d. Se nalgún momento as autoridades sanitarias determinan o uso para a poboación, con carácter obrigatorio, de elementos de protección (tales como máscaras ou luvas) o persoal de control de accesos non permitirá a entrada aos edificios administrativos aos usuarios que non porten ditos elementos de protección.

Agradecendo de antemán a súa colaboración

Negreira a 6 de maio de 2020

O equipo directivo do CEIP O Coto